Deputación DA CORUÑA
www.dicoruna.es
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
JUEVES, 13 DE NOVIEMBRE DE 2014 | BOP NÚMERO 218

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

AMES

Aprobación definitiva da Ordenanza reguladora do servizo de taxi do Concello de Ames

Anuncio

Aprobación definitiva da Ordenanza reguladora do servizo de taxi do Concello de Ames.

En sesión plenaria celebrada o 28 de agosto de 2014 prestouse aprobación inicial á Ordenanza reguladora do servizo de taxi do Concello de Ames.

Sometida a exposición pública (Boletín Oficial da Provincia núm. 171, de 9 de setembro de 2014), presentouse unha alegación, que foi resolta mediante acordo plenario de 30 de outubro de 2014, procedendo á súa aprobación definitiva.

En cumprimento do previsto na normativa aplicable sobre a materia publícase o texto íntegro da ordenanza, unha vez aprobada definitivamente.

ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE TAXI NO CONCELLO DE AMES

NORMAS XERAIS

ARTIGO 1. Obxecto

1. A presente ordenanza regula o transporte público urbano de persoas en vehículos de turismo por medio de taxi que se desenvolve no Concello de Ames segundo o establecido na Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo en Galicia .

2. Considérase taxi o transporte público e discrecional de persoas viaxeiras realizado por persoas físicas en vehículos de turismo habilitados que contan con signos distintivos de taxi, e que se realiza por conta allea mediante retribución económica suxeita a tarifa e dispoñendo dos correspondentes títulos habilitantes para a prestación do servizo .

3. Para o non previsto nesta ordenanza, ademais da citada Lei 4/2013, será de aplicación a Ordenanza fiscal reguladora da taxa por licenzas de autotaxi e demais vehículos de alugueiro do Concello de Ames, así como as restantes normas de aplicación.

ARTIGO 2. Ámbito de aplicación

A intervención da Administración municipal limítase á regulación dos taxis no Concello de Ames. A capacidade dos vehículos, con carácter xeral, estará comprendida entre un mínimo de cinco prazas e máximo de sete prazas, incluída a do/a condutor/a. Excepcionalmente, atendendo as características xeográficas de poboación ou de débil tráfico, poderán autorizarse vehículos de ata nove prazas incluída a persoa condutora.

LICENZAS

ARTIGO 3. Competencia

A concesión das licenzas para exercer o servizo de transporte urbano de viaxeiros, para adscribir vehículos a estas licenzas e para conducir os ditos vehículos é competencia do Concello. O Concello de Ames exercerá esta competencia na forma prevista na presente ordenanza.

ARTIGO 4. Concesión

Cada licenza terá unha soa persoa titular e estará adscrita a un vehículo concreto.

As licenzas outorgaranse sen prazo de duración prefixado e a súa validez quedará condicionada ao cumprimento das condicións e requisitos exixidos, así como ao establecido no artigo 18 da Lei 4/2013.

O Concello de Ames poderá comprobar, en todo momento, o cumprimento dos requisitos esixidos para a obtención das licenzas e a debida explotación, previa solicitude ás persoas titulares da documentación que xulgue pertinente.

Número de anuncio 2014/11813

ARTIGO 5. Outorgamento de licenzas

O outorgamento de licenzas de taxi determinarase pola necesidade e conveniencia do servizo, atendendo á oferta e á demanda existente no Concello de Ames e á calidade do servizo.

As licenzas serán outorgadas por concurso, previa convocatoria pública que garanta a libre concorrencia entre as persoas interesadas, de acordo co establecido nos artigos 6 a 16 da Lei 4/2013.

Na convocatoria do concurso faranse constar os criterios de adxudicación, entre os que se valorará a antigüidade como condutor/a de taxi, tal como establece o artigo 8 da Lei 4/2013.

O Pleno da Corporación establecerá un número de licenzas conforme ao establecido no artigo 6 da Lei 4/2013.

O réxime de outorgamento, utilización, suspensión, modificación e extinción das licenzas axustarase ao disposto na presente ordenanza, en relación co establecido na Lei 4/2013.

ARTIGO 6. Transmisión de licenzas

1. A transmisión das licenzas rexerase polo establecido no artigo 17 da Lei 4/2013.

2. A transmisión dunha licenza, nos supostos legalmente establecidos, non faculta, por si mesma, para a prestación do servizo, xa que deben cumprirse, ademais, os requisitos esixidos na presente ordenanza para o exercicio da actividade.

ARTIGO 7. Habilitación para prestación do servizo

As persoas condutoras dos vehículos adscritos ao servizo deberán estar en posesión da correspondente habilitación para a prestación do servizo. Para isto, terán que obter o permiso municipal de condutor expedido polo Concello de Ames, así como a autorización interurbana de taxi.

As persoas titulares das licenzas teñen a obriga de explotalas persoalmente ou mediante a contratación de condutor/a asalariado/a, a xornada completa e con dedicación exclusiva, sen prexuízo do disposto na disposición transitoria terceira da Lei 4/2013.

En todo caso, cada licenza non poderá ter adscritas máis de dúas persoas como condutoras, incluída a persoa titular. Cando, por calquera causa, a persoa titular dunha licenza non puidera explotala por si mesma ou mediante un/unha empregado/a, deberá solicitarlle ao Concello de Ames unha suspensión, por dous anos como máximo, e atendendo ás condicións establecidas no artigo 11 da Lei 4/2013.

As persoas titulares das licenzas deberán xustificar ante o Concello, cando lles sexa requirido, o cumprimento da normativa legal en materia laboral e da seguridade social das persoas asalariadas.

ARTIGO 8. Permiso municipal de persoa condutora

O permiso municipal de persoa condutora concederao o Concello, a solicitude da persoa interesada, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

· Estar en posesión do carné de conducir expedido pola Xefatura de Tráfico, coa categoría esixida polo código de circulación para conducir vehículos de servizo público.

· Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade infecto-contaxiosa ou impedimento físico que imposibilite ou dificulte o normal exercicio da profesión.

· Declaración de non atoparse incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que lle impida contratar coa Administración pública.

DOS VEHÍCULOS

Artigo 9. Características

Os vehículos adscritos ao servizo estarán dotados de taxímetro; terán unha capacidade mínima de cinco prazas e máxima de sete, incluída a da persoa condutora, e deberán dispoñer dun espazo dedicado a maleteiro totalmente independente e suficiente para transportar a equipaxe.

Excepcionalmente, atendendo as características xeográficas de poboación ou de débil tráfico, poderán autorizarse vehículos de ata nove prazas incluída a persoa condutora.

Artigo 10. Imaxe

1. Para as novas licenzas outorgadas a partir da entrada en vigor da presente ordenanza, e sen prexuízo do establecido no artigo 27.1 da lei 4/2013, os vehículos destinados á prestación deste servizo deberán ser de cor branca.

Número de anuncio 2014/11813

En todos os casos, a partir da entrada en vigor da presente ordenanza, faranse constar de maneira visible na porta dianteira do vehículo o escudo do Concello de Ames e o número de licenza de taxi ao que se encontre afecto, así como unha placa co dito número no interior do vehículo.

2. Con suxeición á lexislación vixente en materia de publicidade, tráfico e seguridade viaria, autorízanse as persoas titulares das licenzas de taxi para colocaren anuncios publicitarios no exterior dos vehículos sempre que se conserve a súa estética, non impliquen a perda de visibilidade nin xeren perigo e respecten os requisitos de imaxe unificada dos taxis que poida establecer a Xunta de Galicia.

3. Queda prohibida toda publicidade sexista ou que atente contra os dereitos das persoas.

4. Os vehículos adscritos ao servizo irán provistos sempre da seguinte documentación:

1. Licenza municipal e autorización interurbana de taxi
2. Permiso municipal de persoa condutora.
3. Permiso de circulación do vehículo.
4. Documentación acreditativa das revisións obrigatorias do vehículo.
5. Seguros esixibles legalmente.
6. Follas de reclamacións.
7. Cadro de tarifas oficiais.

5. En todo caso, os taxis deben estar equipados tamén cun módulo luminoso exterior que sinale claramente, de acordo coa normativa técnica de aplicación, tanto a dispoñibilidade do vehículo para prestar o servizo como a tarifa que resulte aplicable.

A substitución dun vehículo por outro deberá autorizala o Concello de Ames cumprindo co establecido na Lei 4/2013.

Artigo 11. Incorporación de innovacións tecnolóxicas

O Concello de Ames promoverá, en colaboración coas asociacións profesionais representativas do sector do taxi e co Consello Galego de Transportes, a progresiva implantación das innovacións tecnolóxicas precisas para mellorar as condicións de prestación e seguridade dos servizos de taxi e das persoas condutoras, a incorporación de sistemas automáticos de pagamento e facturación do servizo, sistemas de navegación, a progresiva redución das emisións sonoras dos vehículos, a potenciación de vehículos de baixa contaminación, a optimización da reciclaxe dos materiais utilizados e calquera outra innovación que se introduza no sector.

A introdución de innovacións tecnolóxicas para unha mellor prestación do servizo será autorizada polo Concello, previa a tramitación e autorizacións sectoriais que legalmente lle correspondan.

Artigo 12. Prestación do servizo.

As persoas condutoras están obrigadas a seguir o traxecto máis curto para chegar ao destino indicado polo viaxeiro. A persoa condutora pode denegar a prestación do servizo de taxi cando sexa solicitado para finalidades que se presuman racionalmente como ilícitas, ou cando concorran circunstancias especiais de risco para a seguridade ou a integridade física das persoas ou do vehículo.

Para a prestación do servizo os vehículos situaranse por orde de chegada nas paradas de estacionamento determinadas polo Concello que se relacionan no ANEXO I da ordenanza. Os vehículos non poderán permanecer nas paradas sen o seu condutor/a.

As paradas estarán debidamente sinalizadas e rotuladas polo Concello. Nelas figurarán os sistemas tecnolóxicos de comunicación facilitados polas persoas titulares das licenzas.

Cando os/as usuarios/as acudan a parada para solicitar o servizo deberán dirixirse ao vehículo situado en primeiro lugar respectando a orde de chegada.

Os/as usuarios/as poderán solicitar o servizo a través de chamada dun sistema tecnolóxico de comunicación a unha persoa titular de taxi concreto, sen necesidade de acudir á parada. Neste caso, o servizo considerarase iniciado no lugar e no momento en que o vehículo recibe o encargo de prestar o servizo. En todo caso, no momento da recollida efectiva da persoa usuaria, o importe máximo do taxímetro non poderá superar o importe correspondente ó mínimo establecido para o inicio do servizo, cumprindo co establecido no artigo 32 da Lei 4/2013.

Número de anuncio 2014/11813

Artigo 13. Taxis adaptados

Nas bases do concurso público que se determine para adxudicación de novas licenzas de taxi, o Concello de Ames priorizará a licenza para taxis adaptados, nun mínimo de dous, para a cobertura do servizo de taxis adaptados, segundo o establecido na Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia.

INFRACCIÓNS, SANCIÓNS E PROCEDEMENTO SANCIONADOR

Artigo 14. Regras sobre a responsabilidade

1. A responsabilidade administrativa polas infraccións das normas reguladoras do transporte de persoas en vehículos de turismo corresponderá:

a) Nas infraccións cometidas con ocasión da prestación de servizos de taxi amparados nos preceptivos títulos habilitantes, á persoa titular.

b) Nas infraccións cometidas con ocasión de servizos de taxi ou realizados ao abeiro de títulos habilitantes expedidos a nome doutras persoas, á persoa física ou xurídica que utilice os ditos títulos e á persoa a nome da cal se expedisen aqueles títulos, agás que esta última demostre que non deu o seu consentimento.

c) Nas infraccións cometidas con ocasión de servizos de taxi realizados sen a cobertura do correspondente título habilitante, á persoa que teña atribuída a facultade de uso do vehículo, ben sexa a título de propiedade, alugueiro, arrendamento financeiro, renting ou calquera outra forma admitida pola lexislación vixente.

Este réxime de responsabilidade aplicarase tamén ás infraccións que consistan na difusión de ofertas comerciais para a realización de actividades para as cales non se conte co preceptivo título habilitante.

d) Nas infraccións cometidas polas persoas usuarias e, en xeral, por terceiros que, sen estaren comprendidos nas liñas anteriores, realicen feitos que constitúan infraccións recollidas nesta ordenanza, á persoa física ou xurídica a quen vaia dirixido o precepto infrinxido ou a quen a disposición correspondente lle atribúa especificamente a responsabilidade.

e) A responsabilidade administrativa esixiráselles ás persoas físicas ou xurídicas ás que se refire o punto anterior, sen prexuízo de que estas poidan deducir as accións que resulten procedentes contra as persoas ás cales lles sexan materialmente imputables as infraccións.

Artigo 15. Infraccións

1. Son infraccións as accións e as omisións que contraveñan as obrigas establecidas por esta ordenanza.

2. As infraccións clasifícanse en moi graves, graves e leves.

Artigo 16. Infraccións moi graves

Considéranse infraccións moi graves:

a) A realización de servizos carecendo dos preceptivos títulos habilitantes ou con estes suspendidos, anulados, caducados, revogados, sen ter realizado o visado obrigatorio ou por calquera outra causa ou circunstancia pola que as referidas habilitacións expedidas para exercer a actividade xa non sexan válidas. No suposto de que a infracción consista na falta de visado obrigatorio e este se realizase con anterioridade á data de resolución do procedemento sancionador, a infracción terá a cualificación de leve.

b) A cesión ou a transmisión, expresa ou tácita, dos títulos habilitantes por parte das persoas titulares a favor doutras persoas sen a preceptiva autorización.

c) O falseamento de documentos que teñan que ser presentados como requisito para a obtención dos títulos habilitantes ou dos datos que deban figurar nos ditos títulos habilitantes.

d) A negativa ou a obstrución á actuación dos servizos de inspección que impida o exercicio das funcións que legal ou regulamentariamente teñan atribuídas.

e) O incumprimento, por parte da persoa titular do vehículo, da obriga de subscribir os seguros preceptivos.

f) O incumprimento das obrigas de prestación do servizo de taxi impostas.

g) Non levar o aparello taxímetro no caso de que este sexa esixible, a manipulación deste, facelo funcionar de xeito inadecuado ou impedirlle a súa visibilidade á persoa usuaria, así como cantas accións teñan por finalidade alterar o seu normal funcionamento, e a instalación de elementos mecánicos, electrónicos ou doutra natureza destinados a alterar o correcto funcionamento do taxímetro ou a modificar as súas medicións, mesmo cando este non estea en funcionamento no momento de se realizar a inspección.

A responsabilidade pola dita infracción corresponderá tanto ás persoas que manipulasen o taxímetro ou colaborasen na súa manipulación como ao/á taxista que o teña instalado no seu vehículo.

Número de anuncio 2014/11813

h) A prestación de servizos de transporte de persoas con vehículos que incumpran as condicións técnicas sobre accesibilidade de persoas con mobilidade reducida que en cada caso se determinen, sempre que o vehículo sexa un taxi adaptado.

i) Prestar o servizo cun número de ocupantes do vehículo que supere o número de prazas autorizadas, de conformidade coa normativa vixente.

j) A realización de servizos de transporte de persoas mediante cobramento individual, agás nos casos en que estea expresamente autorizado.

Artigo 17. Infraccións graves

Considéranse infraccións graves:

a) Carecer do preceptivo documento no cal se deben formular as reclamacións das persoas usuarias ou negar ou obstaculizar a súa disposición ao público.

b) Non atender a solicitude a unha demanda de servizo de taxi por parte dunha persoa usuaria estando de servizo, ou abandonar un servizo antes da súa finalización, agás que existan causas xustificadas de perigo fundado para a persoa condutora ou para o vehículo de turismo.

c) A realización de servizos de transporte iniciados nun municipio distinto do que corresponde á licenza de taxi, agás nos supostos legalmente exceptuados.

d) Incumprir o réxime de tarifas vixente para o servizo de taxi.

e) A prestación de servizos con vehículos distintos aos identificados adscritos ás licenzas de taxi e ás autorizacións interurbanas de taxi, agás nos casos de substitución debidamente autorizados, así como o incumprimento do ámbito territorial dos devanditos títulos habilitantes.

f) Non dispoñer, no caso de autorización de arrendamento de vehículos con condutor, do número mínimo de vehículos ou dos caracteres esixibles a estes.

g) A retención de obxectos abandonados no vehículo sen dar conta á autoridade competente.

h) Non dispoñer dos cadros de tarifas e do resto de documentación que se teña que exhibir para o coñecemento das persoas usuarias.

i) O trato desconsiderado aos clientes, así como a non prestación do servizo nas condicións de hixiene e/ou calidade esixibles.

j) Calquera das infraccións previstas como moi graves cando pola súa natureza, ocasión ou circunstancia non deba ser cualificada como moi grave.

Artigo 18. Infraccións leves

Considéranse infraccións leves:

a) Non levar en lugar visible os distintivos que sexan esixibles,levalos nunhas condicións que dificulten a súa percepción ou facer un uso inadecuado deles.

b) Non respectar os dereitos das persoas usuarias establecidos nesta ordenanza.

c) A realización da actividade de taxi con vehículos alleos sobre os cales non se teñan as condicións de dispoñibilidade legalmente esixibles.

d) Non levar a bordo do vehículo a documentación formal que acredite a posibilidade legal de prestar o servizo, sempre que se dispoña dela.

e) Incumprir as normas establecidas na presente ordenanza sobre publicidade nos vehículos taxi.

f) A carencia no vehículo ou nos locais do letreiro que indique a existencia de follas de reclamacións.

g) Non entregar o recibo ou a factura do servizo prestado ás persoas usuarias, se estas o solicitan, ou entregarlles un recibo ou unha factura que non cumpra os requisitos establecidos pola normativa aplicable.

h) O incumprimento por parte das persoas usuarias dos deberes que lles correspondan.

i) A carencia de cambio de moeda metálica ou de billetes ata a cantidade que estea regulamentariamente establecida.

j) Non expoñer ao público os cadros de prezos autorizados ou telos en lugares non visibles.

Número de anuncio 2014/11813

k) Calquera infracción das que teñen consideración de graves cando pola súa natureza, ocasión ou circunstancias non deba ser cualificada como grave. Deberá xustificarse a existencia das ditas circunstancias e motivarse na resolución correspondente.

Artigo 19. Sancións e competencia para a imposición de sancións

As sancións regularanse segundo o previsto no artigo 63 da Lei 4/2013 para o servizo de taxis

A competencia para a imposición das sancións previstas nesta ordenanza corresponderá ao Alcalde.

Artigo 20. Procedemento sancionador

O procedemento sancionador iniciarase de oficio ou a instancia de parte, de conformidade co previsto na Lei 30/92, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e de acordo co Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, aprobado por Real decreto 1398/1993.

Artigo 21. Prescrición das infraccións e das sancións

1. As infraccións e as sancións moi graves prescribirán aos tres anos; as graves, aos dous anos; e as leves, ao ano.

2. O prazo de prescrición das infraccións comezará a contarse desde o día en que a infracción se cometese, e o das sancións, desde o día seguinte a aquel en que adquirise firmeza a resolución pola cal se impón a sanción.

3. Interromperá a prescrición da infracción a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, e volverá transcorrer o prazo de prescrición se o expediente sancionador está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao/á presunto/a responsable.

No caso das sancións, a prescrición interromperase coa iniciación, con coñecemento do/a interesado/a, do procedemento de execución, e volverá transcorrer o prazo se o dito procedemento está paralizado durante máis dun mes por causa imputable ao/á infractor/a.

Disposición final.

A presente ordenanza entrará en vigor así que se publique no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo ao que se refire o artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

ANEXO I

LOCALIZACIÓN DE PARADAS

Avenida Rosalía de Castro nª 23 (Milladoiro)

Rúa Alcalde Lorenzo nº1 (Bertamiráns)

ANEXO II

TARIFAS

As tarifas aplicables aos servizos urbanos de taxi serán as fixadas a continuación.

As tarifas aplicables aos servizos interurbanos, serán as fixadas pola consellería competente en materia de transportes da Xunta de Galicia.

As tarifas deberán figurar nun lugar visible para as persoas usuarias dende o interior do vehículo.

No momento da entrada en vigor da presente ordenanza, as tarifas vixentes serán as que de seguido se detallan:

Establécese unha percepción mínima, o taxímetro comezará a computar o percorrer 1.700 metros ou transcorrer cinco minutos tras o comezo do servizo, o que antes suceda.

Tarifa 1: Aplicable de luns a venres das 06:00 h ás 22:00 h e os sábados das 06:00 h ás 15:00 h.

CONCEPTO	EUROS	
	SEN IVE	CON IVE
PERCEPCIÓN MÍNIMA	3,364	3,70
QUILÓMETRO PERCORRIDO	0,864	0,95
HORA DE ESPERA	17,545	19,30

Número de anuncio 2014/11813

Tarifa 2. Aplicable das 22:00 h ás 06:00 h.

CONCEPTO	EUROS	
	SEN IVE	CON IVE
PERCEPCIÓN MÍNIMA	4,545	5,00
QUILÓMETRO PERCORRIDO	1,273	1,40
HORA DE ESPERA	26,182	28,80

Tarifa 3. Aplicable domingos e festivos das 06:00 h ás 22:00 h e sábados das 15:00 h ás 22:00 h.

CONCEPTO	EUROS	
	SEN IVE	CON IVE
PERCEPCIÓN MÍNIMA	3,909	4,30
QUILÓMETRO PERCORRIDO	1,073	1,18
HORA DE ESPERA	21,636	23,80

Suplementos: Aplicables en ambas as tarifas.

CONCEPTO	EUROS	
	SEN IVE	CON IVE
OCUPACIÓN DE MALETEIRO(1)	0,455	0,50

(1) O suplemento por ocupación de maleteiro cobrarase a partir do terceiro vulto, é dicir, os dous primeiros vultos non se cobran e o terceiro xa se cobra a razón de 0,50 € por vulto, cun máximo de 3 vultos a cobrar.

Non se entenderán como vultos os cans guías, as cadeiras de bebes e as cadeiras para dependentes.

Ames, 31 de outubro de 2014

O alcalde

Santiago V. Amor Barreiro

2014/11813

Número de anuncio 2014/11813